

## DOCUMENTO III

# INCIDENCIA TERRITORIAL DA ACTUACIÓN

O presente documento constitúe o estudo da incidencia territorial da actuación e forma parte do PROXECTO SECTORIAL PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. Devandito documento contén, en cumprimento dos artigos 10º do Decreto 80/2000 e o 16º do PSOAEG: o estudo da incidencia territorial especialmente sobre os núcleos de poboación, usos do solo, infraestruturas, equipamentos e servizos, proteccións e afeccións urbanísticas e ambientais e medios de corrección ou de minimización de impactos. O mesmo estrutúrase segundo o seguinte esquema:

## ÍNDICE

1.	INCIDENCIA NA DOTACIÓN DO SOLO EMPRESARIAL.....	2
2.	INCIDENCIA SOCIAL .....	4
3.	INCIDENCIA SOBRE OS NÚCLEOS E OS USOS DO SOLO .....	6
4.	INCIDENCIA SOBRE O SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS E SERVIZOS.....	7
5.	INCIDENCIA SOBRE O MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO CULTURAL .....	11
6.	MEDIDAS CORRECTORAS E/OU MINIMIZADORAS DE IMPACTOS .....	14
6.1.	PAISAXE.....	14
6.2.	PATRIMONIO NATURAL.....	15
6.3.	OCUPACIÓN DO SOLO.....	16
6.4.	PATRIMONIO CULTURAL .....	16
6.5.	CICLO HÍDRICO.....	16
6.6.	ENERXÍA .....	17
6.7.	POBOACIÓN.....	17
6.8.	ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO.....	18
6.9.	CICLO DE MATERIAIS.....	18
6.10.	CONCLUSIÓN.....	19



## 1. INCIDENCIA NA DOTACIÓN DO SOLO EMPRESARIAL

---

Os parques empresariais, son elementos clave no desenvolvemento e na reactivación económica dun territorio. Así pois, actúan como eixos xeradores de emprego e de revitalización da actividade económica e empresarial dunha zona e das súas áreas de influencia.

A ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo actuará como foco de atracción para un importante volume de investimento privado que contribuirá á dinamización económica e empresarial da comarca de Vigo.

En Pontevedra preto da metade da superficie industrial concéntrase no sur da provincia, entre Vigo, Mos e O Porriño, xa que é onde se atopan os polígonos máis solicitados como A Granxa, As Gándaras, o Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, Balaídos e Bouzas.

Como marco de estudo elíxese a provincia de Pontevedra, non sen obviar elementos clave no desenvolvemento industrial da zona, como son a proximidade do Porto de Vigo, e a súa situación estratéxica, xa que se atopa emprazado no importante núcleo industrial que é o municipio de Vigo.

Tamén debe terse en conta o excelente posicionamento do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo en relación ao Eixo Atlántico Galicia - Norte de Portugal.

Na seguinte táboa resúmense as principais características dos parques empresariais existentes na provincia de Pontevedra:




**Táboa 1.** Datos básicos dos parques empresariais da provincia de Pontevedra

Nome	Localidade	Promotor	Número parcelas	Superficie total	Superficie Industrial	Distancia a Vigo
Bouzas	Vigo	Consorcio Zona Franca de Vigo	7	200.000m <sup>2</sup>	124.000m <sup>2</sup>	-
Balaídos	Vigo	Consorcio Zona Franca de Vigo	9	1.000.000m <sup>2</sup>	714.074m <sup>2</sup>	-
Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares	Vigo	Consorcio Zona Franca de Vigo	85	874.195m <sup>2</sup>	406.974m <sup>2</sup>	8km
A Pasaxe-Vincios	Gondomar	Concello de Gondomar	-	496.917m <sup>2</sup>	311.863m <sup>2</sup>	11km
Parque Empresarial Terciario Porto do Molle	Nigrán	Consorcio Zona Franca de Vigo	-	1.037.204m <sup>2</sup>	253.979m <sup>2</sup>	14km
A Granxa	O Porriño	Consorcio Zona Franca de Vigo	250	1.161.896m <sup>2</sup>	517.423m <sup>2</sup>	20km
As Gándaras	O Porriño	SEPES	40	2.147.467m <sup>2</sup>	1.012.227m <sup>2</sup>	20km
Granxa do Bao	Pontevedra	Granja Del Bao S.A.	32	50.600m <sup>2</sup>	m <sup>2</sup>	31km
Chan da Ponte	Salvaterra de Miño	Concello de Salvaterra de Miño	44	276.000m <sup>2</sup>	150.000m <sup>2</sup>	32km
Parque Empresarial de Tui	Tui	IGVS	73	216.535m <sup>2</sup>	113.676m <sup>2</sup>	36km
O Campiño	Pontevedra	IGVS	87	343.291m <sup>2</sup>	185.931m <sup>2</sup>	36km
Paradela	Meis	Concello de Meis	2	7.362m <sup>2</sup>	-	41km
Parque Empresarial e Industrial do Morrazo	Cangas	Consorcio Zona Franca de Vigo	-	1.402.920m <sup>2</sup>	760.113m <sup>2</sup>	43km
Castiñeiras	Bueu	IGVS	11	59.164m <sup>2</sup>	28.253m <sup>2</sup>	43km
Rivadil	A Cañiza	Concello de A Cañiza	20	200.000m <sup>2</sup>	136.703m <sup>2</sup>	48km
O Salnés	Ribadumia	Concello de Ribadumia	25	250.000m <sup>2</sup>	187.500m <sup>2</sup>	49km
Polígono Industrial de Arbo	Arbo	XESTUR Pontevedra	20	52.379m <sup>2</sup>	26.237m <sup>2</sup>	52km
Tremoedo	Vilanova de Arousa	Cámara de Comercio de Vilagarcía de Arousa	15	93.740m <sup>2</sup>	53.950m <sup>2</sup>	54km
Area Industrial A Pedreira	Meaño	Concello de Meaño	40	250.000m <sup>2</sup>	-	54km
Trabanca	Vilagarcía de Arousa	IGVS	51	86.233m <sup>2</sup>	45.870m <sup>2</sup>	56km
A Ran	Cuntis	Concello de Cuntis	-	1.200.000m <sup>2</sup>	788.900m <sup>2</sup>	67km
Cachafeiro	Forcarei	Asociación de Empresarios de Forcarei	9	18.000m <sup>2</sup>	-	67km
Toedo	A Estrada	SIGALSA	27	105.100m <sup>2</sup>	74.974m <sup>2</sup>	76km
Lalín 2000	Lalín	IGVS	105	305.354m <sup>2</sup>	139.640m <sup>2</sup>	96km
Botos	Lalín	Concello de Lalín	14	205.800m <sup>2</sup>	-	96km
Area 33	Silleda	IGVS	43	101.230m <sup>2</sup>	61.961m <sup>2</sup>	100km
Agolada	Agolada	Concello de Agolada	13	50.355m <sup>2</sup>	27.386m <sup>2</sup>	110km



Figura 1. Localización dos parques empresariais máis próximos ao ámbito de actuación



Cabe destacar o bo funcionamento e a importante demanda do solo empresarial creada no PTL que entrou en funcionamento no ano 2004, e actualmente está ao 100% de ocupación (fóra daquelas parcelas que o Consorcio da Zona Franca de Vigo, promotor igualmente da parte consolidada, non puxo á venda).

Conclúese pois que a demanda e a necesidade de solo empresarial, unido á posición estratéxica deste enclave, espertan o interese dun sector empresarial que nos últimos tempos demanda unha serie de dotacións e infraestruturas.

## 2. INCIDENCIA SOCIAL

Os parques empresariais forman parte dos equipamentos e infraestruturas básicas para o crecemento económico e socio - laboral dun territorio. Con todo, a súa implantación debe responder a uns criterios racionais de ordenación do territorio e seguir as pautas marcadas pola lexislación urbanística.

Toda actividade que implique un cambio na vocación inicial dun territorio produce unha repercusión na sociedade, como parte activa e integrante do medio. Así pois, pode falarse dunha incidencia positiva ou negativa segundo o factor considerado.



Aínda que a instalación dunha nova área empresarial na comarca de Vigo, ten influencia directa sobre a propia comarca, a súa zona de influencia esténdese máis aló do devandito límite xeográfico.

Para ter unha idea aproximada da poboación que pode verse afectada por este incremento do solo empresarial achégase unha relación da poboación da comarca de Vigo, tendo en conta que este límite resulta orientativo.

**Táboa 2.** Nº de habitantes no ano 2017 (IGE)

<b>Concello</b>	<b>Nº habitantes</b>
<i>Baiona</i>	12.169
<i>Fornelos de Montes</i>	1.694
<i>Gondomar</i>	14.233
<i>Mos</i>	15.132
<i>Nigrán</i>	17.622
<i>Pazos de Borbén</i>	2.991
<i>Porriño, O</i>	19.600
<i>Redondela</i>	29.392
<i>Salceda de Caselas</i>	9.017
<i>Soutomaior</i>	7.242
<i>Vigo</i>	292.986
<b>Total</b>	<b>422.078</b>

No concello de Vigo, a proporción entre parados e poboación activa é menor que noutros concellos da comarca. Por sectores de actividade, tanto na escala comarcal como local, cabe destacar a maior incidencia do paro no sector servizos (aínda que tamén é o sector que emprega a máis xente), seguido da industria, construción e agricultura. Soamente no sector servizos existe maioría de mulleres empregadas.

Da distribución empresarial por sectores de actividade, tanto na comarca como no concello de Vigo, cabe destacar a gran maioría de empresas dedicadas aos servizos, seguidas da construción e por último das empresas dedicadas á industria.

En canto ao volume empresarial por concellos da comarca é destacable a polarización empresarial do concello de Vigo, destacando no rango de empresas cualificadas como pequenas, medianas e sobre todo grandes, onde o 66% están en Vigo.

En relación á demografía empresarial, pódese falar dun panorama de estabilidade e mesmo dun afianzamento e crecemento da actividade empresarial e económica na comarca e no concello de Vigo.



Neste caso, o desenvolvemento dun espazo específico para a actividade empresarial ten unha incidencia social clara, motivada por:

- **Incremento de solo empresarial.** Actúa como foco de atracción para un importante volume de investimento privado, co que se contribuirá de forma decisiva á creación de emprego e ao desenvolvemento socioeconómico da zona, dentro dunha expansión racional e sustentable. As actuacións de preparación de solo empresarial tamén inciden directa e indirectamente na situación social.
- **Dinamización de actividades económicas.** Supoñen incentivos para a localización e o desenvolvemento das actividades económicas, actuando como elementos dinamizadores da actividade económica e indirectamente do emprendemento. Así mesmo, actúan como elementos de impulsión e de evolución da economía local, comarcal e mesmo rexional, ao fomentarse o tecido empresarial da zona.
- **Vertebración territorial.** A concentración de solo industrial – comercial e das actividades económicas, suxeita a criterios racionais e sustentables de planificación territorial, dá solucións a certos problemas derivados do distanciamento e dispersión das actividades económicas.
- **Mellora das infraestruturas e rede de comunicacións da zona.** A actuación contemplada implica unha mellora na rede de comunicacións e outras infraestruturas existentes. Así pois, contéplase a mellora da estrada de Foxo e a ampliación da glorieta no cruzamento entre a estrada de Foxo e Clara Campoamor. Á estrada de Venda dáselle continuidade polo Nordés do ámbito mellorándose notablemente a sección e características da mesma. Á zona de ampliación do PTL dótase de todas as redes de servizos propias dunha área empresarial.
- **Dotación de espazos de uso público.** Unha superficie considerable, se reserva para espazos libres de uso e de dominio público, (a zona verde ten unha superficie de case o 20% do total do ámbito), que poderán ser empregados para uso e aproveitamento da poboación. Así pois, proxéctase unha senda que percorrerá a zona verde e discorrerá pola contorna dos elementos etnográficos existentes e que se poñerán en valor con esta actuación.

### 3. INCIDENCIA SOBRE OS NÚCLEOS E OS USOS DO SOLO

A repercusión que a implantación da ampliación do Parque Tecnolóxico de Vigo pode ocasionar sobre os núcleos situados nos arredores, avalíase tendo en conta criterios de proximidade.

Dentro do sector aparecen, ademais dos terreos de natureza rústica, algunhas edificacións. Existían 23 parcelas con vivendas ou pequenos negocios. Destas, actualmente son propiedade do Consorcio da Zona Franca de Vigo 14. Fóra dunha delas, xa se demoleron as edificacións existentes e retiráronse os bens das mesmas. Das nove restantes, dúas corresponden a unha carpintería e unha pequena nave e as outras sete a vivendas unifamiliares. Destas sete, unha é unha vivenda prefabricada. No documento nº13 recóllense fichas de cada unha destas parcelas con fotografías das mesmas.

O núcleo máis próximo ao ámbito de actuación é o de Porto, que se sitúa ao Leste do mesmo. Alí proxéctase unha zona de aparcadoiro e dáselle continuidade á estrada de Venda, mellorándose por tanto, as infraestruturas nesa contorna. Polo novo viario discorrerán ademais as novas redes de servizos que darán servizo á zona de ampliación e por onde, ademais repoñeranse os servizos afectados, repercutindo dunha forma positiva no núcleo de Porto.

Na zona de ocupación da ampliación do Parque Tecnolóxico, tal e como se reflexa no plano PI-05 de Usos do Solo, obsérvase que predomina o uso agrícola e forestal.



## 4. INCIDENCIA SOBRE O SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS E SERVIZOS

---

O emprazamento da Ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, ten unha posición estratéxica ao estar nunha situación privilexiada respecto ao viario que articula a área metropolitana de Vigo.

Conecta ao Norte co segundo cinto de Vigo (VG-20), existindo dúas ligazóns (un en cada sentido de circulación) que conflúen nunha glorieta do interior do PTL.

O límite Oeste do ámbito do presente proxecto é o viario de Clara Campoamor, desde o que se accede en sentido Sur, á Universidade situada a uns 3,5 km de distancia. Desde este viario cara ao Norte e tras atravesar a glorieta situada baixo a VG-20, atópase o Hospital Álvaro Cunqueiro e a uns 3 km de distancia a zona consolidada da cidade de Vigo.

O ámbito do proxecto ten, polo tanto, dous accesos principais:

- Desde a VG-20, a través das ligazóns existentes que dan acceso á glorieta situada no interior do parque e desde a que se accede ao PTL en funcionamento. Nesta glorieta exponse a inclusión dun carril adicional para aumentar a súa capacidade, que se engade cara ao anel interior da mesma, resultando unha glorieta de diámetro interior de 56 m.
- O outro acceso ao ámbito realízase desde a avenida de Clara Campoamor, onde existe unha glorieta no cruzamento coa estrada de Foxo. Proxéctase a ampliación desta glorieta que actualmente ten un diámetro moi reducido, a glorieta ampliada terá un diámetro interior de 20 m e exterior de 38 m.





Ilustración 1. Fotografía aérea da zona de actuación



## Rede de Abastecemento

Os servizos afectados polo presente proxecto son os seguintes:

- Baixo a estrada de Foxo discorren dúas tubaxes de fundición dúctil, unha de diámetro 300 mm de alimentación ao depósito do PTL e outra de distribución de diámetro 100 mm. Estas dúas tubaxes veranse afectadas polo cambio de trazado e ampliación de sección da estrada de Foxo, polo que se contemplou a súa reposición.
- Pola estrada de Venda discorren tres tubaxes de fundición dúctil: unha de distribución de diámetro 100 mm, outra de diámetro 200 mm de conexión da ETAP Valladares co depósito de Quintián e outra de diámetro 300 mm de alimentación ao hospital Álvaro Cunqueiro. Igualmente repoñeranse estas conducións polo novo trazado da estrada de Venda. Estas conducións repoñeranse polo viario 2 proxectado (que é por onde se lle dará continuidade á estrada de Venda).
- Condución de diámetro 200 mm de fundición dúctil que comunica os mananciais de Valladares co depósito de Quintián. Esta condución xa foi desviada durante os traballos de urbanización do Parque Tecnolóxico, con todo, haberá que realizar un novo desvío a partir do cruzamento entre as estradas de Venda e Foxo, xa que atravesa a parcela 1 do ámbito de actuación. Deberá terse en conta no proxecto de urbanización e consultar á empresa xestora do servizo para definir o seu desvío. Igualmente valorouse a súa reposición.





A acometida da rede de abastecemento de auga potable realízase actualmente desde a confluencia das estradas de Venda e Foxo, desde aí e a través dunha tubaxe de fundición de diámetro 300 mm abastécese ao depósito do Parque Tecnolóxico, que está situado na zona Nordés do PTL, entre a rúa uno do Parque e a estrada de Venda.

Este depósito está deseñado para abastecer tanto á zona en funcionamento do parque como á futura ampliación e desde aí partirá a rede de distribución da zona de ampliación do PTL.

A acometida á zona de ampliación realizarase desde a confluencia das estradas de Foxo e Venda, mediante unha tubaxe de fundición que conecta coa rede existente.

Preséntase un plano co trazado orientativo das redes de distribución de auga potable e da rede contra incendios, que se definirá no correspondente proxecto de urbanización.

### Rede de saneamento de augas fecais

Na Zona Norte da ampliación do PTL (parcela 1 no plano de ordenación), existen actualmente os seguintes colectores:

- Colector de PVC de diámetro 500 mm que discorre pola estrada Venda e que se repoñerá polo viario 2 proxectado.
- Ramal do anterior colector que dá servizo a un grupo de vivendas do Camiño Torreiro, cruza parcelas privadas ata chegar a Camiño Barxa de Abaixo, continua por este camiño, e volve cruzar por parcelas privadas ata a súa conexión co colector de estrada de Venda. Estes colectores vense afectados polas actuacións contempladas no presente proxecto sectorial, polo que se repoñerá o servizo a través do viario 2 proxectado.

Na zona Sur e Oeste da ampliación do PTL (parcelas 2 e 3 da planta de ordenación), existen actualmente os seguintes colectores:

- Colectores de PVC de diámetro 500 mm e 315 mm pola estrada de Foxo. O colector de diámetro 315 mm recollía as augas fecais das vivendas que serán obxecto de expropiación e que non haberá que repoñer. O colector de diámetro 500 mm repoñerase polo novo trazado da estrada de Foxo.
- A zona Norte da parcela 2 dispón dun colector de PVC de diámetro 400 mm que recolle os colectores das rúas A e B do PTL. Repoñerase polo viario existente.

A conexión das augas fecais do ámbito de actuación realízase en dous puntos: unha parte conéctase na estrada de Venda, no colector de PVC de diámetro 500 mm que se repón; e outra parte no colector tamén de PVC de diámetro 500 mm que se repón pola estrada de Foxo.

Este último colector conéctase á rede municipal no colector que discorre paralelo ao río Barxa, de fibrocemento de diámetro 500 mm.

Preséntase un plano co trazado orientativo da rede de saneamento de augas fecais, que se definirá en detalle no correspondente proxecto de urbanización.



### Rede de pluviais:

No ámbito de actuación, existe un colector destinado a recoller augas pluviais de formigón de diámetro 800 mm, que desauga a unha canle natural (río Barxa) e que se repoñerá polo novo trazado da estrada de Foxo.

Deseñárase unha rede separativa, realizando o desaugadoiro das augas pluviais as canles naturais existentes no ámbito.

Será necesario realizar balsas de decantación previas á vertedura as canles, de acordo ás directrices da administración hidráulica competente, Augas de Galicia.

Será precisa a canalización do curso de auga que discorre paralelamente á VG-20 en parte do seu trazado.

No documento de planos preséntase unha proposta orientativa para a rede de saneamento de augas pluviais, que se definirá en detalle no proxecto de urbanización.

### Rede enerxía eléctrica:

O ámbito de actuación é atravesado polo Suroeste por unha liña de alta tensión aérea de 132 kV, á que non se afecta. Terase en conta este trazado e será preciso ter en conta e cumprir os retranqueos e gálibos mínimos fixados na normativa vixente.

Pola estrada de Venda discorren dúas liñas de media tensión subterráneas e unha de baixa tensión subterránea. Ademais, existe unha liña aérea de baixa tensión. Estas liñas eléctricas repoñeranse canalizadas baixo o viario 2 proxectado.

Na estrada de Foxo existe unha liña aérea de baixa tensión, que se repoñerá canalizada baixo o novo viario de Foxo.

Estableceuse contacto coa compañía subministradora (Unión Fenosa) tal e como se reflexa no anexo 2 a esta memoria. Consultóuselle acerca dos servizos afectados e das necesidades da realización dalgunha actuación para a acometida eléctrica á zona de ampliación do PTL.

Realizouse unha estimación da potencia necesaria para o ámbito, considerando unha potencia de 50 w/m<sup>2</sup>.

De acordo á información recibida pola compañía subministradora, será necesario tender un novo circuíto de media tensión, cunha tensión de 15 kV. Esta liña terá orixe na subestación de Valadares, onde será necesario instalar unha nova posición. Este circuíto, alimentará mediante entrada-saída os novos centros de transformación/centros de seccionamento proxectados dentro do ámbito de proxecto. A liña unha vez anelados todos os centros, pechará apoiándose no centro de reflexión con matrícula *36CLM8C.R. PARQUE TECNOLÓXICO*.

No plano remitido por Unión Fenosa, o cableado desde a subestación ata a zona de ampliación do PTL, discorre a través das canalizacións do Parque Tecnolóxico en funcionamento. Con todo, esas canalizacións atópanse xa ocupadas con cableado que dá servizo ao PTL.

Con todo, cando se realizou a acometida eléctrica ao Hospital Álvaro Cunqueiro, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Sergas, asinaron un convenio de colaboración para a execución da obra civil.



Executouse entón a canalización que dá servizo ao Hospital e incluíronse dous tubos desde a subestación de Valadares ata a glorieta situada en Clara Campoamor no encontro coa estrada de Foxo. Achégase o plano do proxecto de execución da devandita canalización no anexo 2 á presente memoria.

Polo tanto, inclúese no orzamento unha partida para o tendido do cableado polas canalizacións existentes e para a rede de distribución a partir da glorieta citada.

No orzamento contempláronse canalizacións para acometer tanto en baixa como en media tensión a todas as parcelas.

#### Rede de Telecomunicacións:

Pola estrada de Venda discorren canalizacións da rede de telecomunicacións e unha liña aérea. O servizo repoñerase a través das canalizacións proxectadas baixo o viario 2.

Pola estrada de Foxo tamén existen liñas de telecomunicacións aéreas que se soterrarán baixo o novo viario de Foxo.

A realización de ditos soterramentos realizarase sempre que sexa técnica e economicamente viable de acordo ao disposto nos artigos 34.3 e 34.5 da Lei 9/2014 d 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións.

No parque en funcionamento existe rede de telefonía e comunicacións con fibra óptica que ten control centralizado da iluminación, central de alarmas de intrusión e incendio e rede de vixilancia por circuío pechado de televisión. Proxéctanse as canalizacións necesarias para dar continuidade ás devanditas redes. Preséntase un plano orientativo das canalizacións proxectadas que se detallará no correspondente proxecto de urbanización.

#### Rede de Gas:

Actualmente o PTL conta con rede de gas. Darase continuidade á citada rede para dar servizo á zona de ampliación. Deixouse un cruzamento na estrada de Foxo, en previsión para a conexión da rede proxectada na Ampliación do PTL.

Preséntase un plano co trazado orientativo para a rede de gas do ámbito de proxecto, que se deseña en polietileno de diámetro 110 mm, seguindo indicacións da compañía subministradora.

En paralelo a canle do regato de Quintián e do Río Barxa, discorre unha tubaxe de alta presión, que non se verá afectada pola actuación. Esta tubaxe atópase sinalizada con fitos, con todo, cando se redacte o proxecto de urbanización realizarase un levantamento topográfico e establecerase contacto de novo con Nedgia (empresa xestora do servizo), para localizar o trazado exacto do devandito gasoduto.

## **5. INCIDENCIA SOBRE O MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO CULTURAL**

---

A implantación de actividades empresariais pode ocasionar pola súa natureza, impactos significativos sobre o medio físico e recursos naturais, cando unicamente se teñen en conta criterios económicos e de rendibilidade inmediata.

Así pois, o medio físico e actividade empresarial deben conformar un sistema harmónico e funcional, de tal forma que na medida en que a actividade estea integrada no seu contorno físico natural, será




sustentable e contribuirá ao desenvolvemento do medio. Neste sentido, falar de sustentabilidade, implica un equilibrio nun triplo sentido: económico, ambiental e social.

Para evitar, minimizar e contrarrestar os efectos adversos das actuacións derivadas da implantación desta área empresarial, levará a cabo un plan de restauración ambiental destinado á ordenación da zona verde e á recuperación da contorna natural dos cursos de auga presentes no ámbito, mediante accións de tipo ambiental (restauración forestal, limpeza de maleza), implantación dunha senda peonil e dotación de accesos a zonas singulares de valor paisaxístico e etnográfico (muíños e hórreos).

Respecto á incidencia do parque empresarial sobre o patrimonio cultural, no Catálogo vixente do PGOU de Vigo (segue vixente o do PXOM 2008 anulado) aparecen os seguintes elementos etnográficos catalogados:

ELEMENTOS DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO CATALOGADOS EXISTENTES NO ÁMBITO				
Identificador	Elemento	Lugar	Parroquia	Inclusión no Catálogo Etnográfico do Concello de Vigo
01-1152	hórreo	Camiño do Foxo	Beade	incluído
02-0206	muíño hidráulico	Babios da Pontella	Beade	incluído
02-0207	muíño hidráulico	Babios da Pontella	Beade	incluído
02-0208	muíño hidráulico	Babios da Pontella	Beade	incluído
02-0209	muíño hidráulico	Babios da Cotarela	Beade	incluído
02-0210	muíño hidráulico	Camiño do Foxo	Beade	incluído
02-0211	muíño hidráulico	Redondo de Abaixo	Valadares	incluído
02-0220	muíño hidráulico	Camiño do Foxo	Beade	incluído
02-0221	muíño hidráulico	Camiño do Foxo	Beade	incluído

Ademais dos elementos anteriores, existe dous hórreos que non se atopan catalogados que están situados na zona verde da Ampliación do PTL e que non se verán afectados. Estes hórreos están situado na parcela 1-316 e na parcela 1-325 respectivamente do documento 13.





A excepción do hórreo (catalogado co código 01-1152), ningún destes elementos vese afectado pola ordenación proposta, atopándose todos nas zonas verdes. O hórreo será trasladado de lugar, tal e como permite o propio documento vixente Catálogo do PXOM.

Dos tres primeiros, sinalar que aínda que aparecen sobre a glorieta que se sitúa baixo a VG-20, dous deles están dentro do ámbito, supoñemos que se trasladaron ao executar esta infraestrutura.

**Achéganse a continuación fotos de cada un dos elementos etnográficos existentes:**



Hórreo 01-1152



Hórreo sen catalogar (parcela 1-318)



Muíños hidráulicos 02-0206 e 02-207



Muíños hidráulicos 02-0208 y 02-209



Muíño hidráulico 02-0210







Muíño hidráulico 02-0220



Muíño hidráulico 02-0221

Neste proxecto inclúese unha partida no orzamento para a restauración dos muíños e para o traslado do hórreo existente e o seu acondicionamento. Estas actuacións definiranse detalladamente no proxecto de urbanización.

## 6. MEDIDAS CORRECTORAS E/OU MINIMIZADORAS DE IMPACTOS

### 6.1. PAISAXE

#### Fase de construción

- Minimizaranse os movementos de terra procurando a máxima adaptación á topografía actual, e reservarse a terra vexetal sobrante para achegar nos puntos necesarios.
- Naquelas zonas afectadas por movementos de terra, escavacións e, en xeral, todas aquelas operacións de obra que supoñan a aparición de superficies espidas, procederase a súa revexetación o máis axiña posible, co obxecto de perturbar o mínimo á paisaxe.
- Delimitaranse as áreas verdes establecidas na zonificación para preservalas no mellor estado posible e evitar o paso de maquinaria e acumulación de materiais que poden propiciar fenómenos de compactado do solo ou fenómenos erosivos que impidan unha correcta posterior rexeneración vexetal nestas zonas. Do mesmo xeito respectarase ao máximo o solo e a vexetación anexa á obra.
- Nas zonas verdes non vexetadas, procurarase a plantación con especies autóctonas, para mellorar tanto a calidade como a integración paisaxística da actuación na súa contorna. Os paseos e áreas estanciais das zonas verdes da canle do río Barxa deseñaranse en continuidade coas existentes no regato de Quintián.
- Introducción de pantallas visuais de árbores e arbustos nas zonas de amortiguación cos núcleos urbanos, a fin de minimizar o impacto visual das edificacións e infraestruturas durante a fase de explotación e causar a mínima interferencia coa paisaxe existente.

#### Fase de explotación

- Verificación das características de edificación na licenza de obra.
- Verificación das limitacións nas ordenanzas relativas ás condicións estéticas.



- Vixilancia da evolución da vexetación procedendo á reposición de marras e/ou calvas que poidan aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións previstas.
- Mantemento en boas condicións das zonas verdes, viarios e demais espazos públicos.

## 6.2. PATRIMONIO NATURAL

Neste apartado contémpanse as medidas encamiñadas a prever ou corraxir os efectos producidos sobre a vexetación, a fauna, os hábitats ou biotopos de maior interese e os solos.

### Fase de construción

- A terra vexetal será separada de todas as superficies que vaian ser alteradas finalmente polas obras, do resto de materiais inertes procedentes das escavacións, para ser utilizado posteriormente nas zonas nas que sexa preciso. Unha vez separada será conservada debidamente ata o momento de ser utilizada. Para conservar debidamente as propiedades fisicoquímicas da mesma as acumulacións terán unha altura inferior a 150 cm., prohibirase a circulación de calquera tipo sobre elas para evitar a compactación, achegarase fertilización se a calidade nutritiva é escasa e, se o tempo transcorrido ata a súa reutilización fose maior a seis meses, voltearase para facilitar a osixenación e poderían sementarse sementes de leguminosas para fixar osíxeno.
- No transporte de materiais e maquinaria utilizarase a rede viaria e de camiños existentes, tentando evitar o acceso de vehículos por zonas onde non existan previamente algún tipo de vía.
- As pilas de materiais de obra e instalacións situaranse na medida do posible sobre zonas sen vexetación natural, a poder ser, sobre tacos de madeira ou plataformas elevadas que limiten a superficie para compactar polo peso dos mesmos.
- A zona Oeste do ámbito pola que discorren os cursos de auga na ampliación prevista, e que será reservada para zona verde, actuará como corredor ecolóxico, e nela respectarase ao máximo a vexetación existente (tendo en conta a súa idade, estado sanitario...) e realizaranse, no seu caso, labores de revexetación utilizando especies herbáceas, arbustivas e arbóreas autóctonas, utilizando a rexión de orixe idónea, para que as especies estean adaptadas ás condicións edafolóxicas, climatolóxicas e de humidade da rexión.
- Procederase ao balizado ou á sinalización de todas aquelas masas e formacións vexetais limítrofes co perímetro do ámbito, así como os espazos establecidos como zonas verdes polo Proxecto Sectorial, co obxecto de evitar afeccións innecesarias sobre elas. Respectarase sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non estea afectada directamente pola execución da obra.
- Os restos vexetais que se produzan, deberán ser xestionados xuntos, prevalecendo sempre a súa valorización. No caso de depositalos no terreo, deberán ser triturados e espaxados homoxeneamente, para permitir unha rápida incorporación ao solo.
- Limitación e control das emisións sonoras e outras actividades molestas para a fauna (movemento de terras, uso de maquinaria, desbroces, etc.) durante as épocas de reprodución e cría.



- Non se usarán produtos fitosanitarios.

#### Fase de explotación

- Non se usarán produtos fitosanitarios polos efectos adversos sobre a fauna.
- Tramitación da avaliación de impacto ambiental e/ou da avaliación de incidencia ambiental para as instalacións industriais segundo a lexislación vixente, para provocar as mínimas afeccións ao patrimonio natural.

### 6.3. OCUPACIÓN DO SOLO

#### Fase de construción

- Os materiais de construción amorearanse en lugares idóneos e nas cotas máis baixas para que non provoquen vertidos sobre outros terreos.
- No caso de que se precise material procedente de canteira para o desenvolvemento das obras, este deberá proceder de canteiras autorizadas. Así mesmo, no caso de que o formigón ou o aglomerado asfáltico procedan de plantas externas, estas deberán contar coas súas correspondentes autorizacións.

### 6.4. PATRIMONIO CULTURAL

#### Fase de construción

- Realizaranse os labores de conservación e posta en valor dos elementos catalogados en función do grao de catalogación e as obras permitidas, en cumprimento da normativa do catálogo do Plan Xeral.
- Se durante os traballos de execución da obra, localízase algún tipo de elemento do Patrimonio Cultural non identificado no Plan Xeral, deberá ser comunicado inmediatamente á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), que como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia ou non de adoptar algunha medida correctora.

#### Fase de explotación

- Manteranse os labores de conservación e as zonas de protección dos elementos catalogados cos criterios que estableza a DXPC.

### 6.5. CICLO HÍDRICO

#### Fase de construción

- Nas zonas próximas aos cursos de auga instalaranse barreiras físicas que freen a escorrentía superficial e eviten arrastres non desexados cara estes cursos.
- Recoller as augas pluviais cunhas pendentes superficiais idóneas que controlen a escorrentía cunha rede superficial de canles de drenaxe e recondución ás concas naturais.



- Non se realizará ningunha vertedura nas concas fluviais. Para as verteduras que se realicen ao medio natural será preceptiva a autorización administrativa outorgada pola Confederación Hidrográfica de Galicia Costa. Do mesmo xeito prohíbese o lavado de calquera material ou ferramenta que estivese en contacto con cemento, formigón ou aceites.
- Para evitar contaminación pola maquinaria, o mantemento realizarase en lugares idóneos onde non exista risco de contaminación, seguindo en todo momento a normativa ao respecto vixente.
- Non se usarán produtos fitosanitarios.

#### Fase de explotación

- Manter unha boa parte da superficie permeable para unha correcta infiltración que non afecte as áreas de recarga e favoreza a dinámica propia do ciclo hídrico.
- Realizar unha correcta limpeza rede de saneamento.
- Verificación das limitacións nas ordenanzas relativas a verteduras nas augas.
- Realizar un control da calidade das augas.
- Non se usarán produtos fitosanitarios.
- Fomentaranse plans de aforro de auga e, do mesmo xeito, fomentaranse a rega con auga procedente de fontes alternativas, como augas procedentes da choiva ou augas gris.

### 6.6. ENERXÍA

#### Fase de explotación

- Comprobación do establecemento de sistemas enerxéticos de baixo consumo nas dependencias públicas e do fomento das fontes de enerxía renovables.

### 6.7. POBOACIÓN

#### Fase de construción

- Medición da presión e niveis sonoros durante as obras, e verificación das limitacións das ordenanzas relativas á contaminación lumínica e á emisión de ruídos.
- Regulación de usos e horarios das obras.

#### Fase de explotación

- Verificación dos niveis sonoros establecidos no estudo acústico correspondente.
- Control do estado de conservación e mantemento dos equipamentos e espazos libres públicos creados.
- Comunicación de posibles afeccións ao medio ambiente ao Servizo Provincial de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia.



- Control do estado de conservación e mantemento das infraestruturas locais (rede viaria, captación e condución de auga e residuais, redes eléctricas...) existentes que sexan utilizadas ou modificadas na execución do Proxecto Sectorial e poidan resultar deterioradas, procedéndose a reparación da deterioración ou danos ocasionados nelas, de ser o caso.
- Restauración de infraestruturas e servizos afectados.

## 6.8. ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

### Fase de construción

- No que se refire a emisións de contaminantes atmosféricos, revisarase a maquinaria empregada no proceso construtivo para que cumpra a normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispoñer de documentación acreditativa ao respecto.
- Limitación dos movementos da maquinaria pesada e regulación de todo o tráfico resultante da obra.
- Recubrimento dos camiós de transporte de materiais con toldo impermeable e lavado de rodas á saída da zona de obras.
- Levar a cabo unha idónea sinalización da obra.
- En períodos secos ou con moito vento procederase á humectación das superficies sen vexetación para evitar o levantamento de po provocado polos movementos de terras ou o paso de maquinaria.
- Comprobarase o cumprimento da Lei de Protección do ambiente atmosférico e os regulamentos de desenvolvemento.
- Queda prohibida a queima de restos ou de calquera outro tipo de material, sen a autorización correspondente.

### Fase de explotación

- Verificación das limitacións das ordenanzas relativas ás emisións gasosas.
- Sinalización idónea que modere as velocidades e regule eficientemente o tráfico, evitando así o incremento nas emisións de GEI.

## 6.9. CICLO DE MATERIAIS

### Fase de construción

- Control e seguimento dos residuos sólidos resultantes durante as obras. Non se dará permiso para o abandono incontrolado de residuos sólidos como materiais de construción nas proximidades de obras, feito que causaría unha grave deterioración ambiental dos espazos lindeiros.





- Os terreos sobrantes da execución das obras trasladaranse a vertedoiros autorizados e/ou se empregarán na restauración de zonas de préstamos ou enterras extraccións e/ou canteiras abandonadas.
- Todos os residuos xerados xestionaranse conforme á lexislación vixente de aplicación, en función da súa natureza, primando a súa reciclaxe ou reutilización fronte á vertedura.
- Os residuos almacenaranse en contedores ata a súa entrega ao xestor autorizado, situados na zona de instalación de obra, atendendo os criterios de almacenamento establecidos na lexislación vixente e sinalando claramente a súa presenza, debéndose informar o persoal da obra sobre a situación destas zonas.
- Ao finalizar as obras, e antes do inicio da fase de explotación do Polígono, deberán retirarse e xestionarse á totalidade dos residuos da obra.
- No caso de abandono das instalacións, procederáse con carácter xeral, a desmontar e retirar de calquera tipo de elemento susceptible de provocar contaminación, sendo entregados todos estes elementos o xestor autorizado para unha correcta eliminación.

#### Fase de explotación

- Instalación dos correspondentes colectores selectivos e de papeleiras.
- Comprobar os cumprimentos das respectivas licenzas e a adecuación ás limitacións de ordenanzas e normativas vixentes.

### 6.10. CONCLUSIÓN

A continuación, resúmense as medidas correctoras e minimizadoras de impactos que se contemplan en capítulos anteriores:

- o A creación de áreas de espaxamento, así como dunha senda peonil ao longo do río Barxa, vai permitir á poboación das inmediacións do ámbito de proxecto, o uso do mesmo para o seu espaxamento e goce.
- o Na ordenación da ampliación do PTL, respectaranse as zonas de servidume e os límites de edificación previstos pola lexislación vixente, servidumes e limitacións nos traballos nas proximidades da conducción de gas que discorre pola marxe do río Barxa e da liña eléctrica de alta tensión que cruza o ámbito.
- o A rede interna de recollida de pluviais, pasará previamente por balsas de decantación dispostas na zona verde que evacuarán en varios puntos ao río Barxa.
- o levará a cabo unha integración paisaxística da ampliación do PTL no medio. Coidarase especialmente o contorno dos cursos fluviais existentes, levando a cabo a recuperación do contorno natural dos mesmos, mediante accións de tipo ambiental (restauración forestal, limpeza de maleza), implantación de sendas peonís e dotación de accesos a zonas singulares de valor paisaxístico e etnográfico (muíños e hórreos).



- Exponse unha rexeneración edáfica e florística que minimize o impacto visual, que non acelere os procesos de erosión e perda de solo, e que á vez permita recuperar a zona como hábitat para a fauna e para as persoas. Así mesmo, co fin de conseguir a integración dos noiros xerados polas obras na súa contorna e, favorecer a cohesión e evitar a erosión naqueles tramos con forte pendente, procederase a unha restauración vexetal acorde coa vexetación existente.
- Respecto dos elementos do patrimonio etnográfico existentes no ámbito, incluíuse unha partida no orzamento para a restauración dos muíños e para o traslado do hórreo catalogado e o seu acondicionamento.

